



## Sinodalidade, corresponsabilidade: a que soa nunha parroquia de barrio?

---

Manuel Rodicio Pozo<sup>1</sup>  
Luís Rodríguez Álvarez<sup>2</sup>

### 1.- A modo de metáfora: a malla

A malla foi durante séculos unha das prácticas agrarias comunitarias máis importantes nas aldeas galegas. Era o momento de separar o gran da palla; un labor imprescindible para producir pan, manter reservas de cereais e resistir as penurias do inverno. Esta faena non era simplemente técnica: implicaba cooperación, tradición, sociabilidade interxeracional e un profundo enraizamento cultural. A malla non era só traballo, comprometía a participar mulleres, homes, rapaces e maiores. Era un espazo de intercambio de historias, de mantemento de vínculos veciñais. Ademais era parte do que se chama *o ciclo do pan*: dende a preparación da terra, sementeira, sega, atado de mollos, meda, malla, moenda e cocido do pan. Todo isto estruturaba a vida rural. A malla, que era o traballo colectivo por antonomasia, só perdura hoxe nas zonas rurais montañosas da Galicia interior ás que, pola súa especial orografía, non teñen acceso as máquinas apañadoras. Pero con todo, a malla constitúe un elemento fundamental da memoria colectiva das aldeas desta terra. É un símbolo: do traballo compartido, da autosuficiencia agraria, da identidade rural, dun ciclo da vida que abarca da semente á mesa. A malla implicaba a participación de múltiples membros da comunidade. Era un traballo colectivo que reforzaba vínculos veciñais, xeracións e vínculos de reciprocidade.

---

1 Vigairo Episcopal para a Catequese, Catecumenado, Educación e Cultura da diocese de Ourense. Párroco da Asunción da Nosa Señora.

2 Membro do Consello da revista *Encrucillada*. Párroco parroquia de San Pío X.